



Obxecto:	Informe sobre o Estudo de Impacto Ambiental e Proxecto Sectorial
Proxecto:	Parque Eólico Monte Peón
Concellos:	A Lama (Pontevedra)
Promotor	NATURGY RENOVABLES SLU
Remitido:	Servizo de Enerxías e Minas. Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.
Clave:	IN408A 2018/04
Expte.:	03.I.522.2020.001 (Servizo de Arqueoloxía) IA3123/2020 (Servizo de Arquitectura)

O 14.10.2020 ten entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación polo que se pon a disposición da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, na páxina web da Xunta de Galicia, os documentos: *Estudio de Impacto Ambiental Parque Eólico Monte Peón IN408A 2018/04. Diciembre 2019*, *Proxecto de Ejecución Parque Eólico Monte Peón. Diciembre 2019* e *Proyecto Sectorial Parque Eólico Monte Peón. Diciembre 2019*, promovidos por Naturgy Renovables SLU.

De acordo co establecido nos apartados 2 e 3 do artigo 37 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e no artigo 34.2 da Lei 5/2016, do 4 e maio, do patrimonio cultural de Galicia solicítase que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emita o correspondente informe sobre os documentos técnicos de referencia.

ANTECEDENTES E FEITOS

Con data 18.09.2018 a directora xeral resolve autorizar a intervención Prospección Arqueolóxica para Avaliación de Impacto sobre o Patrimonio Cultural do Parque Eólico Monte Peón (A Lama, Pontevedra) (ED 102A 2018/366-0), dirixida polo arqueólogo Cristóbal Nodar Nodar.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139 do 18.07.2008)
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36 do 22.02.2011)
- Decreto 130/2020, de 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm.190 do 18.09.2020)
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)
- Lei 9/2018, de 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental, a Lei 21/2015 de 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes e a Lei 2/2005, de 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de emisións de gases de efecto invernadoiro (BOE num. 294, do 06.12.2018)
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)

Estudo de Impacto Ambiental

- O documento recolle a valoración ambiental do proxecto do PE Monte Peón de 12,6 MW de potencia total, que constará de 3 aerogeneradores, de 4,2 MW de potencia nominal, 154 m de altura de buxa e 138 m de diámetro de rotor, e a súa infraestrutura asociada: accesos e vieiros interiores, cimentacións, movementos de terras, zonas de amoreamento de materiais, campamento e punto limpo, drenaxes lonxitudinais e transversais, plataformas de montaxe e áreas de manobras, gabias de cableado, subestación transformadora 30/132 kV e edificio de control e torre anemométrica.
- A alternativa elixida é a nº 3 na que se maximiza o aproveitamento do recurso eólico cunha menor afección medioambiental en todas as fases do proxecto.
- Os accesos ao parque realizaranse aproveitando a infraestrutura viaria da zona. Proxéctase desde a autoestrada AP-09 e polas as estradas PO-532, PO-255 e PO-241. Desde esta última parte un viario que une as poboacións Cima de Vila e O Catadoiro do que sae o acceso principal ao parque.
- No apartado 8.5 *Patrimonio histórico-cultural* do punto 8 *Elementos del medio*, expónse que para inventariar o patrimonio arqueolóxico do ámbito revisáronse as delimitacións do patrimonio cultural reflectidas no Plan Básico





Autonómico (PBA) de Galicia e que realizouse unha prospección arqueolóxica cuxa memoria se incorpora anexa ao documento. Nela conclúese que o proxecto do Parque Eólico Monte Peón no presenta risco de afección sobre o patrimonio cultural, xa que unicamente foi localizado un camiño tradicional e “o deseño do parque foi modificado para respectar as estruturas visibles.”

- Dentro do subapartado 9.5.2 Medio biótico do punto 9 Identificación y valoración de impactos considérase o impacto global sobre o patrimonio cultural como negativo e non significativo. Sinálase que, tal e como se expón na Memoria de Evaluación del Impacto sobre el Patrimonio Cultural, o proxecto de prospección non presenta afeccións sobre o elementos visibles do patrimonio. No ámbito inmediato localizouse un camiño tradicional lastrado que foi respectado mediante unha modificación do proxecto.
- Dentro do punto 10 Medidas protectoras y correctoras, no subapartado 10.1.8 Sobre o patrimonio cultural, recóllense actuacións como a protección do camiño tradicional, o control e seguimento arqueolóxico durante as fases de replanteo, execución da obra e restitución de terreos; e a aplicación das medidas correctoras protectoras detalladas no anexo XI “Estudio de impacto arqueológico”.
- No anexo XI “Estudio de impacto arqueológico” recóllense os resultados da intervención Prospección Arqueolóxica para Avaliación de Impacto sobre o Patrimonio Cultural do Parque Eólico Monte Peón (A Lama, Pontevedra) (ED 102A 2018/366-0), dirixida polo arqueólogo Cristóbal Nodar Nodar, realizada no ámbito de implantación do parque, valóranse os seus impactos sobre o patrimonio cultural e propóñense medidas cautelares e correctoras
- Os impactos sobre bens do patrimonio cultural valorados neste documento son os seguintes:

COD	ELEMENTO	CAUSA DO IMPACTO E XUSTIFICACIÓN	IMPACTO
19 (NNSS A Lama)	Santuario das Ermidas	Gabia de cableado por devasa e estrada asfaltada a 300 m.	Sen impacto
Camino 01	Camiño do Santuario das Ermidas	Viario principal do parque coincidente coa traza do camiño en varios puntos (2). Modificado para que coincida en tramos non lastrados.	Compatible

- Destacar que o autor do “Estudio de impacto arqueológico” considera o impacto sobre o camiño tradicional compatible, e non severo ou crítico, porque o viario non afecta a tramos do camiño con estruturas recoñecibles (treitos lastrados). Impactando, polo tanto, sobre a traza e non sobre a estrutura do camiño.
- Propóñense medidas correctoras, tanto de carácter xeral como específicas. Dentro das medidas de carácter xeral contéplase realización dun control e seguimento arqueolóxico das obras, a comunicación ao equipo de arqueoloxía coa antelación suficiente de calquera obra non recollida no proxecto, a revisión do replanteo previo as obras, o balizado dos elementos patrimoniais, a sinalización dos elementos do patrimonio cultural na planimetría de obra, a prohibición de remocións non controladas nas súas inmediacións e a restrición das obras ao proxectado.

As medidas correctoras específicas propostas son as seguintes:

COD	ELEMENTO	MEDIDAS CORRECTORAS ESPECÍFICAS	IMPACTO
Camino 01	Camiño do Santuario da Ermidas	Control intensivo para da execución do viario nos tramos próximos as zonas lastradas. De aparecer tramos empedrados nas zonas de ocupación do viario propónse o seu rexistro detallado e desmontaxe.	Compatible
		Control e seguimento arqueolóxico do rozado na zona da subestación (coberta por densa vexetación que impediu a súa revisión)	

- Na análise da planimetría aportada compróbase que o camiño tradicional identificado na AIPC é afectado polas obras en varios puntos:
 - O viario de acceso principal crúzao nun punto e discorre tanxencialmente a el en varios tramos que, segundo as fotografías da memoria da AIPC, se corresponden con tramos empedrados.
 - A plataforma de montaxe do aeroxerador MP-01 sitúase moi próxima ao camiño e a zona de amoreamento asociada ás obras deste invade a traza do camiño que, segundo se identifica nas fotografías da citada memoria, se corresponde cun tramo empedrado.
 - As infraestruturas do aeroxerador MP-02 están moi próximas a un punto do camiño, polo que as obras poden afectar ao mesmo.





- As zonas de amoreamentos xeral e a torre anemométrica localízanse á beira do dito camiño, nun tramo tamén empedrado.
- Na planimetría do proxecto de execución, planos de vieiros e perfís, concréntanse os movementos de terra a realizar para a execución dos traballos e dos mesmos se pode concluír que as actuacións previstas afectan notablemente a todos os tramos do camiño tradicional e non permiten garantir a integridade deste, facéndose incompatible a execución das obras coa súa conservación, menoscabando asemade o seu valor cultural como camiño de peregrinación tradicional.
- Por outra parte, a construción do parque eólico pode xerar impacto visual na paisaxe da contorna. Os aeroxeradores poden ser visibles desde os conxuntos parroquiais próximos e outros elementos arquitectónicos de singular interese cultural e afectar á súa percepción.
- Cómpre destacar entre os elementos de interese o Santuario de Nosa Señora das Ermidas situado a apenas 600 m dos aeroxeradores e onde se celebra unha romaría tradicional. O estudo de integración paisaxística (Anexo VII do EIA) incorpora soamente unha infografía desde un punto moi concreto desde a cal non se visualizan os aeroxeradores. Dada a importancia do santuario cargado de tradicións orais, connotacións culturais e lugar de peregrinación, semella escasa a análise realizada, debéndose completar esta análise desde diversos puntos do conxunto relixioso.
- Nos arquivos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural consta identificado o ben patrimonial *Porteliña 2* (GA36025031) próximo as obras (300m), se ben estas localízanse fora do seu contorno de protección.
- Cotexados os datos e a planimetría do *Estudio de Impacto Ambiental Parque Eólico Monte Peón (decembro 2019)* cos datos e planimetría *Proxecto de Ejecución Parque Eólico Monte Peón (decembro 2019)*, compróbase que non existe diferenza nas características do proxecto.

Proxecto Sectorial

O proxecto sectorial estuda o ámbito de afección desde o punto de vista urbanístico e territorial. Inclúe no seu anexo 1: *Documentación ambiental*, o *Documento de Síntesis* do Estudo de Impacto Ambiental que consta de medidas protectoras e correctoras sobre o patrimonio cultural.

Cotexados os datos e a planimetría do proxecto sectorial cos datos e planimetría do Estudo de Impacto Ambiental compróbase que non existe diferencias nas características do proxecto.

INFORME

En atención ao expresado no apartado anterior, e desde o punto de vista da protección do Patrimonio Cultural, o proxecto do parque eólico Monte Peón afecta a bens identificados na avaliación de impacto e debe **modificarse** no seguinte senso:

- Os aeroxeradores deberán quedar ao mesmo lado do camiño tradicional para que este non sexa atravesado en ningún momento. Asemade, tanto os aeroxeradores como a torre anemométrica e o viario de acceso deberán afastarse do camiño tradicional o máximo posible ou cando menos unha distancia de 20 m, de xeito que non se vexa afectado polos movementos de terras, plataformas de montaxe, zonas de amoreamentos de materiais e demais obras relacionadas coa execución do proxecto e se garantan a integridade física e valores culturais asociados ao propio trazado do camiño. O camiño tradicional identificado deberá e estar sinalado no proxecto de execución e na planimetría de obra.
- O aeroxerador MP-03 deberá desprazarse cara á ladeira contraria ao Santuario da Nosa Señora das Ermidas de xeito que a liña que conforma o cumio e a parte alta dese monte permaneza libre de obras relacionadas coa instalación do aeroxerador.
- Estas modificacións do proxecto e a avaliación do impacto deberán ser informadas por esta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- Respecto ao impacto visual que os aeroxeradores, en especial o MP-03, pode ocasionar sobre o Santuario da Nosa Señora das Ermidas, deberánse completar a análise de afección visual con infografías desde diferentes puntos do conxunto que forma o santuario, co fin de descartar o posible impacto visual ou prever medidas correctoras en caso de que se producise.
- En relación cos accesos desde as estradas principais, prestarase especial interese aos elementos existentes nos núcleos polos que se pretenda atravesar. Terase especial consideración cos elementos de interese etnográfico ao borde dos camiños, como hórreos ou cruceiros, e os valados e muros de pedra feitos coa técnica tradicional de construción de pedra en seco, incluída no Censo do patrimonio cultural de Galicia como manifestación do patrimonio cultural inmaterial pola resolución da DXPC do día 31.08.2016 (DOG núm. 186 do 29.09.2016) e tamén incluída na





Lista Representativa do Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade desde 2018. Os muros e peches tradicionais non poderán ser desmontados salvo que esta actuación se contemple no proxecto e sexa informada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Respecto ao Proxecto Sectorial:

- Na planimetría de clasificación urbanística proposta se incluírá e grafará o novo elemento patrimonial recollido no Estudo de Impacto Ambiental e o contorno de protección que lle corresponde segundo o art. 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia. Así mesmo, establecerase a clasificación de solo rústico de protección patrimonial no seu contorno de protección.
- O Concello de A Lama deberán integrar o camiño tradicional identificado como novo ben patrimonial etnolóxico no catálogo de bens culturais das súa normativa urbanística e definir e cartografar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación.

Documento asinado electronicamente en Santiago de Compostela

A directora xeral do Patrimonio Cultural
M^a Carmen Martínez Insua

Servizo de Enerxías e Minas. Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

